

## XEOGRAFÍA

**PREGUNTA 1.** Defina brevemente os seguintes conceptos:

**1. Isohieta:** isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos.

**2. Ría:** Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

**3. Cunca fluvial ou hidrográfica:** É a porción de terro que drena a un colector principal (río ou lago) limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas, liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos.

**4. Padrón municipal de habitantes:** Rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada que a do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo, dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento se pode coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan.

**5. Área metropolitana:** Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

**6. Ecoturismo:** É unha nova tendencia do Turismo alternativo, diferente ao Turismo tradicional. Neste enfoque priviléxiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; nesta alternativa turística preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o ambiente e a comunidade local.

**PREGUNTA 2.** Atendendo á imaxe, responda aos seguintes apartados:

**2.1. Identifique e describa o tipo de documento representado.** O documento é unha fotografía aérea de superficie. Apréciase nela un relevo ao fondo e unha gran superficie ocupada por invernadoiros, con cultivos baixo plástico no SE peninsular (El Ejido, Almería). A súa fonte é a *Revista Agroprecios*.

**2.2. Comente as características da paisaxe que aparece na imaxe.** Esta é unha paisaxe agraria na que se distinguen factores naturais e humanos:

-Entre os naturais, o relevo é propio dunha chaira, sen pendentes significativas, aínda que ao fondo da imaxe aprécianse as elevacións que poñen fin á chaira litoral; o clima acada

## XEOGRAFÍA

temperaturas medias elevadas ao longo do ano -cunha notable insolación anual, e escasas precipitacións -inferiores aos 250 mm anuais, polo que ten trazas de aridez dos dominios mediterráneos esteparios ou subdesérticos.

- Entre os humanos cabe citar un poboamento disperso, unha tenza da terra predominante en propiedade directa - aínda que tamén é importante a cantidade de superficie en aluguer, e un hábitat disperso característico de áreas hortícolas; a meirande parte das propiedades teñen dimensións minifundistas. A partir dos anos 1970, a área do SE peninsular comezou a desenvolver unha especialización en cultivos para o mercado, orientados en moitos casos aos países membros da CEE (actual UE). España converteuse daquela na "horta de Europa", e nas chairas almerienses medraron paisaxes de invernadoiros e enareados que pasaron a coñecerse como "mar de plástico", pola visión aérea deste espazo.

Baixo o plástico créanse unhas condicións óptimas para o cultivo de produtos de horta (tomate, pepino, pementos, etc.) e froitas tropicais que son auténticas primicias mesmo en inverno. A PAC favoreceu e promocionou este tipo de especialización mediterránea no caso da agricultura española. É unha área de elevada produtividade, baseada: a) no uso de sementes escollidas e axeitadas ao gusto do consumidor; b) cultivos transxénicos para aumentar a produtividade agrícola; c) uso intensivo de fertilizantes e praguicidas; d) nunha utilización intensiva da auga, mellorando os sistemas de regadío por aspersion e pingueira para tratar de aforrar o consumo deste ben escaso e prezado; e) no emprego dunha man de obra, sobre todo inmigrantes - de procedencia magrebí e subsahariana, en boa medida de xornaleiros contratados descontinuamente. A paisaxe resultante é intensiva na ocupación do espazo e uniforme na imaxe exterior que ofrece.

**2.3. Explique as consecuencias do tipo de actividade que se desenvolve na imaxe.** As consecuencias dunha agricultura intensiva e de mercado, con gran ocupación do espazo, pódense agrupar en: Económicas: impulso da actividade de produción hortícola, centros loxísticos e investigación. Asentamentos do Campo de Dalías como El Ejido medraron en renda *per cápita* e acadaron unha economía de gran dinamismo, o que contribúe a incrementar de xeito directo o PIB provincial de Almería. As tarefas agrarias teñen moitas veces unha estacionalidade que repercute no emprego. Dado o alto rendemento dos cultivos, a poboación activa do sector primario é predominante. Demográficas: incremento da poboación, rexuvenecemento por mor da inmigración, problemas de integración cultural. Medioambientais: a sobreexplotación dos acuíferos e arrosos provoca unha forte contaminación das augas do manto freático e procesos de salinización; xeración de enormes cantidades de refugallos plásticos, dificilmente reempregables e reciclables; perda de grande cantidade de produtos agrícolas que non chegan ao consumidor final; perda de vexetación autóctona; contaminación química do solo polo uso de fertilizantes e produtos fitosanitarios; incremento das emisións de dióxido de carbono e contribución ao cambio climático antropoxénico por mor da utilización de tecnoloxías baseadas nos combustibles fósiles, e con iso se inicia tamén a desertificación deste espazo da Península.

En suma, hai consecuencias positivas (alto dinamismo demográfico e económico, con fixación da poboación ao territorio) e negativas (sobre todo no que atinxe aos impactos

## XEOGRAFÍA

medioambientais). Solucionar estes impactos fará posible -ou non- manter a alta produtividade desta área xeográfica

**PREGUNTA 3.** Responda estes dous apartados relativos á inmigración recente en España:

**3.1. Principais áreas de instalación e perfil dos inmigrantes.** A distribución da inmigración en España reflicte un desigual asentamento de inmigrantes centro-periferia, cun predominio numérico da inmigración en Madrid, litoral mediterráneo, ambos arquipélagos, país Vasco, o triángulo urbano asturiano e a Galicia litoral. A maior parte da poboación de orixe africana concéntrase no litoral mediterráneo, mentres nas áreas central e noroccidental predomina a poboación de orixe latinoamericana. En certas áreas do litoral mediterráneo e arquipélagos, de moita influencia turística, destaca a poboación residente británica ou alemá, en moitos casos xubilada, que desfruta do clima cálido propio destas costas, con respecto do máis fresco das súas terras de orixe.

A inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país, aínda que os británicos están a sufrir os efectos do BREXIT.
- Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura. Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes, etc.
- Refuxiados políticos. Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúe neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.
- Inmigrantes procedentes de países pobres. Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas.

A 1 de xaneiro de 2026, o 14,6% da poboación residente en España é inmigrante, cun predominio das comunidades marroquina, romena e colombiana; outras comunidades súmanse á poboación inmigrante por mor de conflitos políticos latentes (tal é o caso da poboación venezolana e ucraína). Mais non debemos esquecer que España está no flanco norte do Mediterráneo, a fronteira máis letal do planeta, na que milleiros de migrantes clandestinos teñen loitado por acadar un futuro en patera (ou en caiuco, no caso dos

## XEOGRAFÍA

senegaleses que chegan ás illas Canarias): case 30.000 persoas falecidas ou desaparecidas xacen neste *mare nostrum* entre o período 2014-2023.

A meirande parte da poboación inmigrante en España é de procedencia americana (45%), seguida da europea (30%), a africana (18%) e a asiática (7%). A súa distribución debuxa un predominio de efectivos no mediterráneo litoral, Madrid, Canarias, País Vasco e litoral atlántico galego, malia que nin a España baleira nin outros recantos do interior son alleos á medra das *flores doutro mundo*. Se ben a meirande parte da inmigración é económica e podería ser considerada parte dela de orixe climática (habitantes dun Sahel devastado pola seca e as famiñas (fame negra), que buscan unha oportunidade de mellora na UE), non cabe esquecer que parte da Costa Branca e Costa do Sol, mesmo os arquipélagos balear e canario, contan cunha poboación estranxeira xubilada -en certas áreas de orixe maioritariamente británica- que escolle o noso litoral por mor dun clima suave case continuo. En Galicia, a inmigración non deixa de medrar, ben que a proporción é cativa en relación ao total nacional; Galicia tiña unha porcentaxe de poboación estranxeira do 13,1% a comezos de 2026, pero as proporcións nas idades adultas xoves -de 25 a 44 anos- escalan ata case o 20% do total; a inmigración en Galicia reproduce os lugares de destino da emigración galega no pasado, e nas áreas metropolitanas está por enriba do 17%; a un predominio da inmigración sudamericana hai que engadir a importante proporción de inmigración portuguesa nas áreas limítrofes coa *raia*, xunto coa presenza dunha comunidade marroquina significativa na Terra Cha lucense.

**3.2. Ocupación laboral e consecuencias da inmigración.** Existen diferencias na agrupación dos inmigrantes pola súa orixe e pola actividade económica que desenvolven:

-Europeos, entre os que se distinguen os grupos anteriormente mencionados: xubilados, executivos e outros procedentes dos países do Leste que están a desempeñar actividades pouco especializadas, que ademais do litoral, aparecen nas áreas metropolitanas das grandes cidades.

-Africanos: dedicados a actividades do sector primario, como por exemplo na agricultura intensiva

-Americanos: que desenvolven tarefas pouco especializadas do sector terciario e de coidado nas grandes cidades, a distribución tan espallada tamén ten que ver co idioma e cunha tradición de retorno de inmigrantes e familiares de hispanoamérica.

A inmigración produce consecuencias demográficas na estrutura da poboación en España. Dado que a meirande parte da poboación inmigrante corresponde ao sector da poboación adulta nova, a consecuencia máis inmediata é o aumento da proporción deste grupo de idade que provocará un incremento da natalidade nese grupo -con respecto á media, por mor dunha maior fecundidade (aínda asociada a poboacións de trazos tradicionais, máis proclives a familias con máis fillos). A poboación inmigrante é máis nova con respecto á

## XEOGRAFÍA

media, a súa pirámide é de tipo relativamente estable, fronte ao avellentamento da pirámide da poboación nacional.

A nivel económico, un país avellentado como España precisa cada vez máis do aporte da poboación estranxeira para soste a forza de traballo necesaria de cara a manter o Estado do Benestar. Por iso, en moitos sectores claves -nos que se produce un abandono por parte da poboación autóctona, como a agricultura, a construción e os servizos-, o aporte laboral da poboación inmigrante resulta esencial de cara ao funcionamento do tecido produtivo: o traballo nas granxas da Terra Cha, nas superficies baixo plástico do Campo de Dalías almeriense, o coidado de maiores e os servizos de atención doméstico en casas de maiores resultan exemplos paradigmáticos destas necesidades básicas ás que atende boa parte da poboación inmigrante.

A nivel social, a inmigración produce e producirá cambios sociolóxicos no territorio. Pode que a inmigración sexa o inicio dunha verdadeira sociedade “melting pot” que avance na mestizaxe e na integración, fomentando a interculturalidade e os valores de tolerancia que políticas proteccionistas en avance non atenden na actualidade. A globalización fará medrar as migracións e a mestura social. Máis do 3% da poboación do mundo vive fóra do seu lugar de orixe (en España ben máis), e esta porcentaxe non debería deixar de incrementarse en contextos de cambio ambiental por mor do quecemento climático.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada da inmigración africana, que atopa moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camiións co risco que iso implica para as súas vidas. Desde hai unha década, endurecéronse os requisitos para conseguir a nacionalidade española, mais en 2020 continuaba a ser o país da UE -tras Italia- con maior número de concesións. As reivindicacións da dereita populista de endurecer as condicións de permanencia da inmigración irregular chocan actualmente coas propostas máis progresistas de inclusión e reparto dunha inmigración que medra cada ano, como xa se detecta nos centros de acollida de migrantes de Canarias e Andalucía. Despois de varias regularizacións de inmigrantes, o problema non deixa de medrar por mor da maior afluencia de persoas que desexan utilizar España como ponte para acceder á Europa continental.